



Resolución da Dirección Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas en Ourense pola que se amplía o prazo no proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións de vivendas protexidas de promoción pública (VPP) no concello de Petín

Mediante a Resolución do 19 de decembro de 2025 iniciouse o proceso de selección das persoas adquirentes das VPP en segundas ou posteriores transmisións para a vivenda sita no concello de Petín correspondente ao expediente OR-94/020 Conta: 16.

De acordo co parágrafo segundo da citada resolución, as persoas interesadas deberían manifestar o seu interese na adquisición da vivenda citada no prazo de 15 días dende a data de alta do anuncio na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS).

Como consecuencia dunha intervención de índole técnico na páxina web do IGVS nas datas de publicación do anuncio, e en virtude do disposto no artigo 32.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

ACORDO

PRIMEIRO – Conforme o artigo 32.1 e 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ampliar o prazo de publicación do anuncio da páxina web do IGVS en 7 días dende a data de terminación do prazo inicial da Resolución do 19 de decembro de 2025.

SEGUNDO – Ordenar a publicación na páxina web do IGVS desta ampliación de prazo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ourense, na data da sinatura electrónica (a marxe)

A directora territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Pilar Fernández León

